


Índice


- 1.- Situación xeográfica de Ordes con relación a Provincia de A Coruña.
- 2.- Plano de parroquias no Concello de Ordes.
- 3.- Descripción xeográfica da Parroquia de Poulo.
- 4.- Principais reseñas históricas da parroquia de Poulo e do Concello de Ordes.
- 5.- Conformación das aldeas e datos poblacionais da parroquia de Poulo.
- 6.- Importancia do sector agrogandeiro dentro da parroquia de Poulo.
- 7.- Historia do proceso de concentración parcelaria na parroquia de Poulo.
- 8.- Repercusión á parroquia de Poulo da nova Lei 4/2015 e xustificación da necesidade da concentración parcelaria en Poulo.



Situación xeográfica de Ordes con relación a Provincia de A Coruña




Plano de parroquias no Concello de ORDES.



A parroquia de Poulo é a máis pequena do concello de Ordes cunha superficie de 8,1 km²

Descrición xeográfica da parroquia de Poulo



Lindes xeográficos da parroquia de Poulo:

Polo Norte linda cá parroquia de Buscás.
Polo Sur linda cá parroquia de Pereira.
Polo Este linda cá parroquia de Barbeiros.
Polo Oeste linda cá parroquia de Ordes separado polo río Cabrón.

Tódalas parroquias do Concello de Ordes están concentradas ou en vías de concentración a excepción de Ordes e Poulo.

A parroquia está dividida por tres vías de comunicación.

Polo Oeste cá Autoestrada AP-9

Polo Sur cá CP-3802 “Ordes-Pontecarreira”

Polo Norte cá AC-224 “Ordes-Lanza”

De Norte a Sur pola parte central da parroquia discorre o camiño Inglés (Sinalado cas frechas vermellas)

Principais reseñas históricas da parroquia de Poulo e do concello de ORDES

Evolución histórica da Parroquia de Poulo dentro do concello de ORDES.

Durante o Medievo a maioría dos municipios da comarca de Ordes pertenceron o antigo Condado de Trastámara. En tempos do antigo réximen o actual concello de Ordes tiña as súas parroquias distribuídas nas xurisdicións de Mesía e Folgoso; e o Couto Redondo de Faramilláns na provincia de Santiago.

Os primeiros concellos constitucionais.

Neste período o que hoxe en día é o Concello de Ordes; figuraba dividido en dous concellos constitucionais o de Poulo e Folgoso; pertencendo os dous o partido xudicial de Poulo; ano 1822 cando se crea a división de Galicia en catro provincias.

A división municipal do R.D. do 23 de xullo de 1835.

A división xudicial faise no ano 1834; o partido xudicial de Poulo pasa a chamarse Ordes; co R.D. do 23 de xullo de 1835 se comeza coa creación dos concellos na provincia de A Coruña; proxecto publicado no BOPCO nº 117 do 27 de Abril de 1836; figurando no mesmo o concello de Ordes; cunha parroquia menos das que ten na actualidade. Este proxecto foi levado a sesión da Deputación da Coruña con data do 6 de xuño de 1836 e nela foi modificado pasando a formar parte do Concello de Ordes a parroquia de San Pedro de Ardemil. Neste ano o concello de Ordes contaba con 160,1 km² e unha poboación de 4.190 habitantes, que pasaron a ser 7.260 no ano 1900; 8.205 no ano 1930, 10.450 no ano 1950: 11.676 no ano 1986 e na actualidade ronda preto dos 15.000 habitantes.

Pola parroquia de Poulo discorreu o Camiño Real; na que pernoctaron ilustres personaxes como o Rei Felipe II; alá polo século XVI; e hoxe en día este camiño se corresponde co camiño Inglés.

Conformación das aldeas e datos poblacionais de Poulo

Na parroquia de Poulo na actualidade residen en torno os 320 habitantes; repartidos en 9 núcleos poblacionais; atendendo a que o **maior núcleo de poboación é o da Calle de Poulo con preto dos 170 habitantes** e o resto estaría distribuído nas seguintes aldeas; relacionandoas de Norte a Sur.

- Pardiñas.
- Outeiro.
- A Costa.
- Lavandeira de Abaixo.
- Lavandeira de Arriba.
- Blanca.
- A Senra.
- O Piñeiro.

Importancia do sector agrogandeiro dentro da parroquia de Poulo

Principais ratios agrónomicos da parroquia de Poulo.

- 1.- Con data do 16/11/2015 conta con 25 explotacións de vacún e 861 reses.
- 2.- Podríamos dicir que temos na parroquia por cada habitante caseque 2,7 vacas.
- 3.- De cada catro vivendas nunha delas desenrolase a actividade agrogandeira.
- 4.- A superficie agraría-forestal de Poulo aproxíamase as 950 ha.
- 5.- A superficie agropecuaria ocuparía 1/3 da superficie total “Aproximadamente unhas 350 ha” e a forestal os outros 2/3 (unhas 600 ha).
- 6.- O ratio vacas/ha superficie total andaría polas 0,90 vacas/ha.
- 7.- O ratio vacas/ha agraria andaría 2,46 vacas/ha.
- 8.- Na parroquia de Poulo hai censados maior número de animais como nas tres parroquias máis grandes en superficie do Concello de Ordes (Ardemil, Leira e Buscás).
- 9.- A media de vacas por explotación estaría en 34,44 vacas.
- 10.- Existen tres explotacións que pasan ou están rondando as 100 vacas.
- 11.- A meirande parte das explotacións traballan máis hectáreas fora da parroquia que en Poulo sobre todo nestas parroquias cás que se limita e foron concentradas recentemente.
- 12.- A orientación das explotacións son a produción de leite nas máis grandes e a carne e a produción de queixo nas de media dimensión e menor tamaño.
- 13.- Na parroquia hai 2 explotacións produtoras de queixo.

Historia do proceso de concentración parcelaria en Poulo

Con data do **31/10/1963** foi **Decretada a concentración parcelaria dos labradíos en Poulo**; que foi paralizada por existiren múltiples irregularidades e falsidade de firmas no proceso da solicitude. A concentración coñeciase como Poulo I

Con data do **8/4/1999** foi **Decretada a concentración parcelaria da totalidade da parroquia de Poulo**. Coñecida como Poulo II; sendo declarada como expediente caducado con data do 14 de xullo de 2015.

Publicado no DOGA nº 131 do 2015 no anexo da *LEI 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia*.



Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 78

Lunt, 26 de abril de 1999

Páx. 4.940

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANADERÍA E POLÍTICA AGROALIMENTARIA

DECRETO 102/1999, do 8 de abril, polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Poulo (Ordes-A Coruña).

A parroquia de Poulo, que pertence ó concello de Ordes, está situada ó leste da provincia de Coruña, e resultan afectadas pola concentración parcelaria aproximadamente 580 ha.

A dispersión parcelaria que presentan os terreos da dita parroquia, posta de manifesto polos agricultores desta mediante solicitude dividida ó conselleiro de Agricultura, Ganadería e Política Agroalimentaria, motivou un estudo de viabilidade e de valoración das posibilidades que ofrece a zona para incrementar o rendemento dos recursos agropecuarios, deducíndose a conveniencia de levar a cabo a concentración parcelaria por razóns de utilidade pública e interese social.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Agricultura, Ganadería e Política Agroalimentaria, formulada conforme o establecido na Lei 10/1986, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de abril de mil novecientos noventa e nove,

DISPÓÑÓ:

Artigo 1º

Declarar de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Poulo (Ordes-A Coruña).

Artigo 2º

O perímetro da zona será, en principio, o correspondente a totalidade dos terreos da parroquia de Poulo. O referido perímetro quedará en definitiva modificado polas rectificacións, inclusións ou exclusións que se acorden, ó amparo dos artigos 23 e seguintes da Lei 10/1986, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia.

Artigo 3º

A esta zona serán de aplicación os beneficios económicos programados ou asumidos pola Xunta de Galicia, para mellorar ou modernizar as explotacións agrarias, e, en concreto, os que sinala o artigo 6 da Lei de concentración parcelaria para Galicia.

Artigo 4º

Os traballos de execución desta concentración parcelaria inicianse nun prazo non superior ós 6 meses a partir da publicación do presente decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúlase a Consellería de Agricultura, Ganadería e Política Agroalimentaria para ditas

disposicións complementarias que requiran a execución do presente decreto.

Segunda.-A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, oito de abril de mil novecientos noventa e nove.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente

Cástor Uago Álvarez

Conselleiro de Agricultura, Ganadería e Política Agroalimentaria

Repercusións á parroquia de Poulo da nova Lei 4/2015 e xustificación da necesidade da concentración parcelaria en Poulo.

A nova Lei 4/2015 publicada no DOGA con data do martes 14 de xullo de 2015; provocou unha declaración do expediente de caducidade á concentración parcelaria de Poulo; que fora decretado con data do 8/4/1999.

16 anos despois e sen ter comenzado có proceso declarase por parte da Consellería do Medio Rural como caducado.

Poulo xunto con Barbeiros e Lesta son as tres parroquias con maior peso agrogandeiro do Concello de Ordes.

Nesta parroquia o proceso de concentración parcelaria faise moi necesario para tentar manter a meirande parte das explotacións existentes; e dotalas dun umbral de rentabilidade que a día de hoxe debido a parcelación da propiedade fai inviable o aproveitamento agronómico de moitas fincas; obrigando os gandeiros da zona a alquilar parcelas noutras parroquias concentradas en detrimento de deixar abandonadas moitas das súas pequenas propiedades; ademáis de dotar o rural desta parroquia cunha rede de camiños axeitada as labouras de mecanización agropecuarias.